



A. - REGULAMENTO DE COMPETICIÓNS

A.1 DEFINICIÓNS

Campionato. -

Regata na que ao vencedor se lle outorga o título de Campión dunha clase, categoría ou modalidade.

Categoría. -

Subdivisión duna clase que limita a participación (Masculino, Feminino, Infantil, Xuvenil, Absoluto y Master)

Clase. -

Conxunto de embarcacións cuio deseño, construción e/ou características están reguladas nunhas Regras de Clase.

Club. -

Entidade deportiva inscrita no Rexistro de Asociacións Deportivas da Xunta de Galicia, e no Rexistro de Clubes da Federación Galega de Vela.

Flota. -

Tipo de competición na que os participantes dunha mesma clase regatean agrupados nun so grupo.

Grupos. -

Conxunto de regatistas dunha clase agrupados segundo o seu Rankin, sorteo, etc. para realizar unha competición.

Licenza Federativa. -

Documento oficial imprescindible para poder participar en calquera regata oficial.

Modalidade. -

Tipo de competición que pode efectuarse por embarcacións (Vgr: flota, por equipos, match-racing, longa distancia, velocidade, etc.)

Participante. -

Triplución inscrita que sale por lo menos nunha proba.



Proba. -

Cada unha das unidades de competición dunha regata.

Regata. -

Competición que consta dunha ou varias probas entre embarcacións da mesma ou distinta clase.

Regata aberta e regata pechada. -

Aquela na que se permite a participación de tripulantes que non teñan a Licenza expedida po la Federación Galega de Vela é unha regata aberta. No caso contrario é unha regata pechada.

Regata clasificatoria. -

Aquela cuxo resultado se utiliza para seleccionar unha/s tripulación/s para participar noutra competición.

Regata limitada. -

Aquela na que o dereito a participar está condicionado por algún sistema previo de selección ou por algunha regra especial de elixibilidade.

Regata oficial. -

Toda regata que figura no calendario oficial da F.G.V.

Rolda de Clasificación. -

Conxunto de probas que seleccionan as tripulacions para una Rolda Final.

Rolda Final. -

Conxunto de probas que dan lugar a unha Clasificación Xeral.

Sector. -

Cada unha das divisións organizativas en que se agrupan as diferentes Clases.

Serie. -

Conxunto de regatas cuios resultados se agrupan para un fin determinado (Unha selección, un torneo de tempada, etc.)



A.2 LICENZAS FEDERATIVAS (ELIXIBILIDADE)

a.2.1 A licenza Federativa é o documento imprescindible para obter a condición de federado e poder participar en calquera regata oficial.

a.2.2 A licenza Federativa é un documento persoal e intransferible. A inscrición nunha regata faráse sempre polo Club que figure nela.

a.2.3 Nas regatas oficiais que se detecte barcos con participación de deportistas que non teñan a licenza Federativa en vigor, a F.G.V. considerará eses barcos como non inscritos.

a.2.4 A modalidade de Carné de Escola non é válida para participar en regatas.

a.2.5 A Federación Galega de vela publicará cada ano unha guía de referencia dos tipos de licenza cos datos referentes aos seus custos, competencias, coberturas dos seguros e mutualidades que afecten aos diferentes tipos de licenza.

a.2.6 Cambio de titularidade do club na licenza Federativa: Soamente se autorizará por parte da F.G.V. o cambio de club a aqueles deportistas que o soliciten por escrito e acompañen a solicitud con escritos dos clubs afectados aceptando o cambio.

No primeiro cambio realizado no ano deberán aboar o custo de expedición da licenza, si houbera outros cambios deberá aboar novamente o importe da Licenza Federativa.

A.3 REGATAS OFICIAIS

a.3.1 Son regatas oficiais as incluídas no calendario oficial de regatas da F.G.V.

Excepcionalmente, a proposta dunha Clase, Sector ou Club, a F.G.V. poderá autorizar, logo da solicitud, a celebración de regatas non incluídas no calendario orixinal. As regatas así autorizadas consideraranse integrantes do calendario oficial.



a.3.2 Son regatas oficiais da F.G.V., como mínimo:

- (a) os Campionatos do Mundo e de Europa que se celebren en Galicia.
- (b) as regatas internacionais que se celebren en Galicia.
- (c) as Copas e Campionatos de España que se celebren en Galicia.
- (d) as Copas de Galicia e Campionatos Galegos
- (e) as Regatas Clasificadorias

a.3.3 A organización das regatas sinaladas nas letras (d) e (e) do apartado anterior corresponden en todo caso á F.G.V., quen poderá efectualas directamente, ou en colaboración ou delegación dos Clubes afiliados, establecendose neste caso un convenio de colaboración entre a F.G.V. , que regulará as condicións de organización, e o club organizador.

a.3.4 É competencia exclusiva da F.G.V., de acordo coa Lei do Deporte de Galicia, así como dos seus Estatutos, a convocatoria, delegación e control dos Campionatos Galegos de vela en cada unha das Clases e Sectores.

O uso das expresións Campionato Galego, Copa de Galicia, ou outras similares que se refiran a regatas celebradas en Galicia, queda reservado a aquelas regatas aprobadas pola F.G.V.

a.3.5 A inclusión dunha regata no calendario oficial poderá dar dereito a obter a colaboración técnica da F.G.V.

a.3.6 As Copas de Galicia, Campionatos Galegos e Clasificadorias son regatas pechadas, salvo autorización expresa da FGV solicitada con al menos trinta días de antelación.

a.3.7 En todas as regatas sinaladas no apartado ~~a.3.2~~ a.4.2 (excepto as do apartado (e)) deberán contar nos seus actos oficiais con o representante da FGV que designe o seu Presidente.

A.4 CONDICIÓNS DAS REGATAS OFICIAIS

a.4.1 Copas de Galicia

(a) Son regatas oficiais de ámbito autonómico que poden celebrarse para todas as clases e sectores recoñecidos.



(b) Programaranse de acordo co formato de Competicións, Percorridos e Bandeiras de cada clase establecidos no apartado A.9 A Copa de Galicia é válida se se completan un mínimo de dúas probas sempre que participen un mínimo de 8 embarcacións.

En caso de non se celebrar ningunha proba, por condicións climatolóxicas, poderá ser aprazada e celebrada noutra data co acordo da Clase, do Club organizador e da FGV

(c) A F.G.V. poderá adecuar estas previsións ás particularidades que presenten certas regatas.

(d) O club organizador deberá dispoñer dos medios humanos e materiais definidos para este nivel de regata na Guía para Organización de regatas.

(e) Para a Clase Cruceiro se aplicará as especificacions dos Regulamentos propios.

a.4.2 **Campionatos Galegos**

O Campionato Galego é a competición, trofeo ou distinción de máis alto nivel que outorga a F.G.V.

(a) Son regatas oficiais de ámbito autonómico que poden celebrarse para as Clases e Sectores recoñecidos.

A F.G.V. pode establecer, en función do seu interese deportivo, outros Campionatos Galegos, como poden ser:

- Campionato dunha determinada categoría en función da idade, sexo, ou outras circunstancias especiais.
- Campionatos resultantes da combinación de distintas modalidades e Clases.
- Campionatos para unha determinada modalidade (Equipos)

(b) Será proclamado Campión de Galicia a primeira tripulación con licenza expedida pola FGV.



(c) Dentro do Campionato Galego, e logo de autorización da F.G.V. poderán establecerse clasificacións Xuvenil, Sénior e/ou Feminina, o que deberá indicarse no Anuncio de Regata.

(d) Programaranse de acordo co formato de Competición, Percorridos e Bandeiras establecidos no apartado A.9.

O Campionato Galego será válido si se completan un mínimo de tres probas (entre ambas as dúas roldas no seu caso) sempre que participen un mínimo de 8 embarcacións por categoría. En caso de non ser válido, poderá ser aprazada e celebrada noutra data co acordo da Clase, do Club organizador e da FGV.

(e) A F.G.V. poderá adecuar estas previsións ás particularidades que presenten certas regatas.

(f) Ademais das placas que otorgan o título de Campión Galego que son aportadas pola FGV, e que serán entregadas polo representante da propia FGV, deberá haber un mínimo de tres trofeos para as tres primeiras tripulacións en cada una das categorías que cumpran co disposto no apartado (d)

(g) O club organizador deberá dispoñer dos medios humanos e materiais definidos para este nivel de regata na Guía de Organización de regatas.

(h) Para a Clase Cruceiro se aplicarán as especificacións dos Regulamentos propios.

a.4.3 Regatas Clasificadorias

Todas as regatas que formen parte dun sistema de clasificación para formar as seleccións galegas para participar en Campionatos de España e/ou outras regatas nacionais e/ou internacionais.

Soamente entrarán a formar parte do sistema clasificatorio aquelas tripulacións con licenza expedida pola FGV.

Deben de ser previamente autorizadas pola F.G.V. e cumprirán o previsto neste Regulamento. A declaración dunha regata como "Clasificatoria" ou "puntuable" leva consigo a súa inclusión no



Calendario Oficial e poderá dar dereito a obter a colaboración técnica da F.G.V.

As regatas clasificatorias deberán de cumprir os requisitos do regulamento de Competicións da FGV, e será obrigatorio que a saída da primeira proba se programe como moi tarde ás 14:00 horas do primeiro día de regata.

O club organizador deberá dispoñer dos medios humanos e materiais necesarios para o bo desenvolvemento da regata.

(Ver guía de organización de regatas, apartado D)

a.4.4 **Regatas Autonómicas**

Aquelas que pola súa implantación, antigüidade, nivel e tradición sexan recoñecidas como de nivel autonómico pola F.G.V. e que polo menos teñan unha participación mínima de barcos, segundo clase:

- OPTIMIST: 30
- VAURIEN: 8
- SNIPE: 8
- 420: 15
- LASER: 15
- CRUCEIRO: 15
- WINDSURF: 8 (por cada clase)
- RADIO CONTROL: 7
- J70: 6
- J80: 6
- 6m: 6

e das cales polo menos o 25% dos participantes pertencen a un club distinto ao organizador.

Para a Clase Cruceiro, polo menos o 30% das embarcacións participantes han de competir por un Club diferente ao organizador, e que así mesmo respectaran a distribución de grupos que aprobara a FGV para o Campionato Galego de Cruceiros do ano en curso.

a.4.5 **Regatas Locais**

Todas as demais que se celebren na Comunidade Autónoma de Galicia.



A.5 SOLICITUDE E ADXUDICACION

A solicitude de proposta de organización dunha Copa de Galicia ou Campionato Galego, así como calquera outra regata que desexe ser incluída dentro do Calendario de Regatas de calquera ano, implicará que calquera Club afiliado que o solicite deberá estar ao corrente das súas obrigas coa FGV. Nas obrigas económicas, estar ao corrente, implicará que as mesmas estean debidamente satisfeitas, con anterioridade ao primeiro de outubro do ano anterior ao ano no cal se solicite a inclusión de calquera regata no Calendario Oficial de regatas da FGV.

Se atenderá a o Regulamento de Solicitudes de Inclusión de Regatas no Calendario da Federación Galega de Vela.

A.6 ORGANIZACION (REGATAS OFICIAIS)

Os Clubes organizadores poderán establecer en Campionatos Galegos, Copas de Galicia e Regatas Clasificadoras uns dereitos de inscrición máxima de 5 euros por tripulante/día, tendo o club que suministrar bolsas de comida ou comida ao voltar a terra, excluindo o primeiro día da regata.

A clase Radio Control non ten establecido un máximo.

Se exceptúan aos entrenadores po-la sua colaboración coa organización da prova.

a.6.1 A organización das regatas oficiais cumprirán o disposto no presente Regulamento e/ou os particulares en caso de existir e as prescricións da RFEV ao **RRV**, e efectuarase segundo dispón a Guía para Organización de Regatas Oficiais.

a.6.2 Nos Campionato Galegos, Copas de Galicia, regatas Clasificadoras e de nivel autonómico haberá, como mínimo, os seguintes organismos técnicos:

a) **Comité de Regatas**, responsable da admisión de inscricións, a dirección das probas na auga e a xestión de resultados. Á fronte do Comité de Regatas áchase o Oficial Principal de Regatas, que para os



Campionatos Galegos e Regatas Clasificadoras será nomeado pola F.G.V.

b) **Comité Técnico**, (obrigatorio soamente para Campionatos Galegos) responsable de verificar a adecuación das embarcacións participantes ás súas Regras de Clase.

Forma parte do Comité de Regatas e presenta os seus informes ao Oficial Principal de Regatas. Para os Campionatos Galegos o seu Presidente será nomeado pola F.G.V.

c) **Comité de Protestas**, responsable da recepción, tramitación e resolución de protestas. Para os Campionatos Galegos e Regatas Clasificadoras o seu Presidente será nomeado pola F.G.V.

d) **Árbitros**, cando se use xuízo directo na auga. Para os Campionatos Galegos e Regatas Clasificadoras serán nomeados pola F.G.V.

Para o nomeamento dos xuíces sinalados nos puntos anteriores a FGV dará prioridade a os titulados con licenza de propia FGV.

Nas regatas Campionato **Galego, Copa de Galicia e regatas Clasificadoras** a F.G.V. pode nomear un Delegado Técnico Federativo responsable de velar polo axeitado cumprimento da normativa vixente. Este Delegado será o máximo responsable de todas as decisións nas que estean implicadas cuestións de transcendencia para a política deportiva e federativa.

a.6.3 A F.G.V. poderá ditar as normas que resulten necesarias para a mellor organización e desenvolvemento dos regatas.

a.6.4 Nomeamentos dos Comités

Nas regatas oficiais recollidas no apartado A.3 A.4 os comités serán nomeados polo Comité de Xuíces da F.G.V.

Os clubs farán as solicitudes dos distintos Comités que formen a regata cunha antelación mínima de 15 días o Comité de Xuíces no impreso oficial.

Os nomeamentos faranse tendo en conta a proposta, se a houber, do club organizador ou de libre designación do propio Comité de Xuíces.

Todos os nomeamentos faranse con xuíces en activo (ver Regulamento do Comité de Xuíces)



a.6.5 Gastos dos Comités

Correrán por conta do Club ou autoridade organizadora os gastos de peaxe, os de desprazamento a 0,19 euros/Km en vehículo propio, e/ou aloxamento e manutención durante a viaxe e de presenza na sede da regata, e unha dieta de 76 euros/día, de todos os árbitros, xuíces, oficiais de regata e medidores nomeados pola FGV.

Os gastos abonaránse no transcurso da regata.

a.6.6 Mínimos técnicos para as Regatas Clasificadoras, Campionatos Galegos e Copas Galicia:

- 1 oficial en barco Comité de Regatas cun axudante.
- 1 balizador con lancha balizadora.
- 1 Medidor en campionatos galegos.
- 1 número de xuíces, cada un coa súa propia embarcación, en función do número de embarcacións participantes:
 - Ata 40 embarcacións: 1 xuíz coa súa embarcación.
 - De 41 en diante 2 xuíces cunha embarcación para cada un.

a.6.7 Para as regatas clasificatorias, Campionatos Galegos e Copas Galicia de todas as clases, será obrigatorio o uso da Plataforma Oficial de Xestión e Resultados da FGV detallada en A.10.

- Obligatoriedade de publicación do AR e dos nomeamentos na plataforma.
- Obligatoriedade de xestión das inscricións a través da plataforma.
- Obligatoriedade da actualización dos resultados a través da plataforma.

Á Plataforma Oficial de Xestión e Resultados se accederá a través da web oficial da FGV

A.7 ANUNCIOS E INSTRUCIÓNS DE REGATA

De forma xeral no Anuncio de Regata dos Campionatos Galegos recollerase que son regatas organizadas por delegación da F.G.V. e incluírase o logotipo desta nos anuncios, carteis, folletos, revistas, prensa, etc., coa mesma categoría que o logotipo do club



organizador. Da mesma forma incluírase o logotipo da SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA, E FUNDACION DEPORTE GALEGO.

Nas regatas denominadas Campionatos Galegos, Copas de Galicia ou similar, a obtención de patrocinios por parte do club organizador, precisará de conformidade previa da FGV, en función da compatibilidade que presente respecto aos patrocinadores que de forma xeral poidan colaborar nas actuacións federativas. Da mesma forma consensuarase as condicións, lugares e orde de prelación na exhibición da publicidade correspondente.

a.7.1 Os Anuncios e Instrucións de Regatas serán redactados polo Club organizador en colaboración coa F.G.V, e aprobadas por ésta.

a.7.2 Os Anuncios e instrucións de Regatas se farán de acordo cos modelos que iranse colgando na web da FGV para cada clase. Para as regatas que formen o ranking autonómico (Regatas Clasificadoras, Campionatos Galegos e Copas Galicia) será obrigatorio por parte dos clubs que realicen as probas utilizar este formato dende o momento que estean disponibles.

a.7.3 Os Anuncios de regata faranse públicos no Taboleiro de Anuncios da FGV e enviaráselle aos Secretarios das Clases correspondentes, polo menos con 30 días de antelación ao comezo da competición.

A.8 FORMATO DE COMPETICION, PERCORRIDOS E BANDEIRAS

A.8.1 FORMATOS DE COMPETICION

Os Campionatos, Copas e Regatas Clasificadoras de Galicia programaranse de acordo co seguinte Formato de Competición (Obrigatorio en Campionatos Galegos e Optativo en Copas e regatas Clasificadoras):



Nº embarcacións participantes	Formato	Días competición	Nº de probas
Ata 40	Flota	2 (3 en Ctos. Galegos)	6 (9 en Ctos. Galegos)*
81 ou máis	Grupos		
entre 41 e 80	Calquera dos dous formatos anteriores		

A Clase que por motivos excepcionais teña que celebrar o Campionato Galego en menos de tres días deberán solicitar autorización o Comité Técnico da Federación Galega de Vela.

a.8.1.1 Clase **Radio control**: poderá programar as regatas cun só día de duración.

a.8.1.2 Clase **Optimist 2017 - 2020**: Sistema de clasificación en grupos:

1º Dividir a flota de optimist de Galicia en dous grupos para a celebración das regatas clasificatorias:

Grupo Amarelo: determina a clasificación dos primeiros postos.

Grupo Azul: determina a clasificación dende o último clasificado do grupo Amarelo ata o último clasificado.

Dende a primeira regata clasificatoria do ano establececese:

Grupo Amarelo: estará composto ben polos sesenta (60) regatistas segundo o orden do rankin da tempada anterior, ou ben polos aqueles regatistas que xa figuraban neste grupo o remate da tempada anterior, coa tarxeta de clase da actual tempada. Ditros regatistas pertencerán a este grupo toda a tempada.

Asi mesmo consideraranse do grupo amarelo ate o 31 de decembro, aqueles regatistas do ultimo ano con validez na tarxeta de clase da tempada anterior que teñan una clasificación mellor que o último dos que conforman o actual grupo amarelo.

Grupo Azul: os restantes.



Nas seguintes regatas poderán acceder o grupo amarelo, hata completar o número de oitenta regatistas neste grupo, os cinco primeiros regatistas no rankin actualizado cada vez que se completen catro probas

2º Nas regatas oficiais o Comité de Regatas pode, por razóns de seguridade, non dar saída a auga dos regatistas do Grupo Azul utilizando para elo o procedemento de comunicación establecido nas Instrucións de Regata.

3º Celebrar as mangas clasificatorias diferenciadas para ambos grupos no mesmo campo de regatas con saídas distanciadas de cinco minutos, sendo o primeiro grupo en sair o Grupo Amarelo.

4º Utilizarase para a clasificación conxunta das probas de cara ó Rankin e á clasificación da regata o Sistema de Puntuación Baixa. O primeiro Azul puntúa como o número de inscritos na regata do grupo Amarelo mais un punto, o segundo mais dous puntos e así sucesivamente.

5º Respecto o apéndice A.4.2 do Sistema de Puntuación referirase sempre respecto o Grupo Amarelo o número de inscritos en dito grupo ou serie; e respecto o Grupo Azul ó número total de barcos inscritos na regata que o Comité de Regata deixe participar nas probas.

Asemesmo a puntuación, respecto o rankin, das probas nas regatas nas que non se participa será o número total de integrantes do rankin máis un punto.

6º No caso de que os grupos teñan diferente número de probas nunha regata actuarase da seguinte maneira:

Se o grupo Amarelo ten menos probas anularanse as mangas en exceso do grupo Azul, empezando sempre por a/as última/as disputadas.

Se o grupo Azul ten menos probas puntuarase a tódolos inscritos no grupo Azul nas mangas que non disputaran cunha puntuación igual ó número de barcos inscritos no grupo amarelo máis un posto.



7º Manter o sistema de Rankin actual en canto a probas e descartes, e dicir descartase 1 prova de cada 4.

8º O Campionato Galego por Equipos de Clubes incluirá ata un máximo de 2 equipos por Clube, tendo que estar formados cada un deles por tripulacións mistas.

O campión e subcampión do Campionato serán os representantes galegos no Campionato de España, ou calquer outra prova, da especialidade.

O Campionato se celebrará en dous días

A.8.2 PERCORRIDOS

Tódalas regatas integradas no Calendario Oficial da Federación Galega de Vela deberán facer percorridos similares o iguais aos expostos a continuación.

No caso de celebrarse no mesmo campo de regatas probas de mais duna clase, se correrán no percorrido indicado para a clase con a proba de maior nivel, si son do mesmo nivel o percorrido da flota con maior número de inscristos confirmados.

Denominación	Percorrido		Orden de paso de Balizas	Clases
	Tipo	Voltas		
Trapezio Interior (Trapezoid Inner)	I	1	Saír -1 - 4G - 1- 2 - 3 - Rematar	Laser 420
2		Saír -1 - 4G - 1- 4G - 1 - 2 - 3 - Rematar		
3		Saír -1 - 4G - 1- 4G - 1 - 4G -1 - 2 - 3 - Rematar	Windsurf	
Trapezio exterior (Trapezoid Outer)	O	1	Saír - 1 - 2 - 3 - 2 - 3 - Rematar	Optimist Outer*
2		Saír - 1 - 2 - 3 - 2 - 3 - 2 - 3 - Rematar		
3		Saír - 1 - 2 - 3 - Rematar (si fose necesario, a baliza nº 3 pode ser unha "porta" 3G)		
Barlovento - Sotavento (Windward - Leeward)	L LA	1	Saír - 1 -2- 3G - 1-2 - Rematar	SNIPE J70 J80 RC
2		Saír - 1-2 - 3G - 1-2 - 3G - 1-2 - Rematar		
3		Saír - 1 -2- 3G - 1-2 - 3G - 1-2 - 3G - 1-2 - Rematar		
Triángulo Barlovento-Sotavento (Triangle)	T	1	Saír - 1 - 2 - 3 - 1 - 3 - Rematar	Snipe, Vaurien,
2		Saír - 1 - 2 - 3 - 1 - 3 - 1 - 3 - Rematar		

Tódalas balizas de percorrido deben deixarse por babor. Nas portas de sotavento (3G) e (4G), si has houbera, os barcos deberán navegar polo medio dende a dirección da baliza anterior, e deixarán, ben a baliza da súa dereita por estribor, ben a baliza da súa esquerda por babor.

***OPTIMIST OUTER:**

Saír,1-2-3-Rematar en cinguida.


Este será o recorrido a utilizar obrigatoriamente no rankin galego de Optimist

RECORRIDO RECOMENDADO PARA GRUPOS OPTIMIST SISTEMA AECIO:



OPTIMIST POR EQUIPOS

saír,1-2-3-4-Rematar en cinguida



Recorrido "I" (*Trapezio Interior*)

Sinal Percorrido a navegar


1 Sair - 1 - 4 - 1 - 2 - 3 - Rematar

2 Sair - 1 - 4 - 1 - 4 - 1 - 2 - 3 - Rematar

3 Sair - 1 - 4 - 1 - 4 - 1 - 4 - 1 - 2 - 3 - Rematar

(As balizas 3 e 4 poden substituírse por "portas", 3e/3b e 4e/4b)

O presente percorrido considérase orientativo, poidéndose variar minimamente segundo as circunstancias (saída entre barco Comité e Baliza ou Barco Visor; chegada por popa do Comité de Regatas ou chegada independente...)



Percurso "O" (*Trapezio exterior*)

Sinal **Percurso a navegar**


O1 **Sair - 1 - 2 - 3 - 2 - 3 - Rematar**

O2 **Sair - 1 - 2 - 3 - 2 - 3 - 2 - 3 - Rematar**

O3 **Sair - 1 - 2 - 3 - Rematar**

(A baliza 3 pode substituírse por "porta", 3e/3b)

O presente percurso considérase orientativo, poidéndose variar minimamente segundo as circunstancias (saída entre barco Comité e Baliza ou Barco Visor; chegada por popa do Comité de Regatas ou chegada independente; Chegada en Cinguida no percurso nº 3, recomendado en formatos de Grupos.....)




Percorrido "L" (Barlovento-Sotavento)
"LA" (Barlovento-Sotavento con Offset)

Sinal	Percorrido a navegar
W1	Sair - 1 - 3 - 1- Rematar
W2	Sair - 1 - 3 - 1 - 3 - 1 -Rematar
W3	Sair - 1 - 3 - 1- 3 - 1- 3 - 1- Rematar

(A baliza 3 pode substituírse por unha "porta", 3e/3b)

O presente percorrido considérase orientativo, poidéndose variar minimamente segundo as circunstancias (saída entre barco Comité e Baliza ou Barco Visor; chegada na mesma liña que a saída ou por popa do Comité de Regatas vindo desde a mesma baliza que se utilizou para a saída ou tomando a porta no seu caso; percorrido sin baliza Dous (offset)...



Percorrido "T" (Triángulo)

Sinal **Percorrido a navegar**


TU 1: **Sair - 1 - 2 - 3 - 1 - 3 - Rematar**

TU 2: **Sair - 1 - 2 - 3 - 1 - 3 - 1 - 3 - Rematar**

TU 3: **Sair - 1 - 2 - 3 - 1 - 3 - 1 - 3 - 1 - 3 - Rematar**

(A baliza 3 pode substituírse por unha "porta", 3e/3b)

O presente percorrido considérase orientativo, poidéndose variar minimamente segundo as circunstancias (saída entre barco Comité e Baliza, que pode ser a nº 3, ou Barco Visor, triángulo equilátero (60º) ou rectángulo (45º), chegada entre barco Comité e baliza 1...





A.8.3 BANDEIRAS DE CLASE

Conforme á prescrición da RFEV á regra 26 RRV, usaranse as seguintes bandeiras e numerais como sinais de clase. Estas poderán substituírse de acordo coa FGV

Optimist	Letra "G" do CIS o logotipo da Clase
Laser 4.7	Letra "R" do CIS o logotipo da Clase
420	Letra "Q" do CIS o logotipo da Clase
Snipe	Letra "O" do CIS o logotipo da Clase
Vaurien	Letra "V" do CIS o logotipo da Clase
Catamaranes	Numeral "0" do CIS.
RS:X Masculino	Logotipo Neil Pryde sobre fondo branco.
RS:X Feminino	Logotipo Neil Pryde sobre fondo azul.
Formula Windsurfing	Logotipo da Clase
Bic Techno	Logotipo da Clase
Raceboard	Logotipo da Clase
Laser Radial	Logotipo Laser en roxo sobre fondo verde.
Laser Standard	Logotipo Laser en roxo sobre fondo branco.
Finn Logotipo	Finn en azul sobre fondo branco.
470 Masculino	Logotipo 470 en roxo sobre fondo branco.
470 Feminino	Logotipo 470 en roxo sobre fondo azul.
J70	Logotipo J70 sobre fondo branco
J80	Logotipo J80 sobre fondo branco
6m	Logotipo da Clase



A.9 INFORMES DA REGATA

a.91. Clubes Organizadores

a.9.1.1. Os distintos informes de regata serán necesarios para facer o baremo de actividades da F.G.V.

a.9.1.2. A entidade organizadora dentro dos dez días seguintes á terminación da regata o do seu ano natural, o que finalice primeiro, enviará un informe á F.G.V. asinado polos Presidentes do Comité de Regatas e Comité de Protestas, no que figurarán:

- Anuncio de Regata
- Instrucciones de Regata e posteriores modificacións
- Clasificación xeral final
- Relacion de inscriptos
- Relacion de adestradores

A recepción do devandito informe na F.G.V. dentro do prazo sinalado será requisito indispensable para que a devandita regata conte como **celebrada** a todos os efectos.

a.9.1.3. Os informes recibidos fora dese prazo non serán contabilizados no baremo de actividades e as regatas constarán como **non celebradas** a todos os seus efectos.

Una vez implantada a Plataforma Oficial de Xestión e Resultados deixará de ter validez este punto A.9

A.10 PLATAFORMA OFICIAL DE XESTIÓN E RESULTADOS

a.10.1 O uso da plataforma oficial é obligatorio para toda-las regatas clasificatorias, Campionatos Galegos e Copas Galicia.

a.10.2 Para todas estas regatas se utiliza-la plataforma para:

- Publicar o Anuncio de Regata
- Publicar os nomeamentos dos comités
- Realizar as inscricións dos participantes
- Publicar as Instruccions de Regata



- Xestionar e publicar os resultados, dentro do prazo establecido para publicación dos mesmos
- Cerrar a regata, coa clasificación final

Os prazos para a publicación de cada un dos puntos anteriores se darán a conocer no seu momento.

a.10.3 As únicas clasificacións oficiais das regatas clasificatorias, Campionatos Galegos e Copas de Galicia serán as publicadas na plataforma oficial da FGV. Se non se publican as clasificacións, a regata nunca darase por celebrada.

a.10.4 Os únicos rankings oficiais da FGV serán os publicados e actualizados na plataforma oficial da FGV. Estes rankings se actualizarán automaticamente cando se pechen as clasificacións das regatas clasificatorias.

a.10.5 A plataforma oficial da FGV fará directamente os informes das regatas celebradas. Non é necesario o envío de ningunha documentación coa finalización para estas regatas.

a.10.6 No resto de regatas recomenda-se o uso da mesma plataforma.

A.11 ADESTRADORES EN COMPETICIÓNS

a.11.1 Para que un adestrador se poda inscribir nas regatas oficiais da F.G.V. será obrigatorio que cumpra coas seguintes cuestións:

- a) Titulación adecuada acorde a categoría da regata (ver punto a.11.3)
- b) Licencia de técnico en vigor, que reflexe a titulación necesaria.
- c) Titulación necesaria para o manexo da embarcación a motor que vai a utilizar na regata.

a.11.2 Nas regatas oficiais da F.G.V. é obrigatorio a inscrición dun adestrador por clube, cando os equipos os formen regatistas infantins ou xuvenis (menores de idade), e se cumpriran os ratios establecidos según a clase. (ver taboa do punto a.11.4). Se os regatistas menores non os inscribe un adestrador responsable, que cumpra co punto a.11.1 e ca taboa do punto a.11.4, estes regatistas non poderán ser inscritos na regata.



a.11.3 As titulacións dos adestradores para as regatas oficiais serán como mínimo nivel 1 ou equivalente.

A titulación terá que ser propia para cada modalidade de regatas: Vela lixeira, Cruceiro, Taboa de deslizamento a vela, Kiteboarding e Vela Adaptada.

a.11.4 Se algún adestrador non cumpre co indicado no punto a.11.1 outro adestrador poderá facerse cargo sempre que se cumpran as seguinte indicacions:

Para cada regata oficial o adestrador firmará no momento da inscrición o consentimento de que será o adestrador responsable dos rapaces, con todas as súas consecuencias, tanto dos propios regatistas como do xefe ou xefes de exepción ou adestradores sen a titución e licencia adecuada do equipo/clube que asume.

O numero total de regatistas por adestrador, incluíndo os que asume, non superara o seguinte ratio de adestrador/regatista:

Nivel	Optimist	Clase Individual Infantil	Clase Doble Infantil	Clase Juvenil Individual	Clase Juvenil Doble
1	Máximo 5 regatistas	Máximo 5 regatistas	Máx 3 barcos	Máximo 5 regatistas	Máx 3 barcos
2 ou superior	Máximo 10 regatistas	Máximo 10 regatistas	Máx 5 barcos	Máximo 10 regatistas	Máx 5 barcos

Notas:

- Mentras non se implante a taboa do punto a.11.4 o ratio de alumnos se equipara entre o Nivel 1 e o Nivel 2; e equivalentes.
- En caso de ir varios adestradores o numero total dos mesmos sumarase tendo en conta esta titulación sempre que sexa da mesma especialidade. En caso de que o axudante teña a titulación de Auxiliar en Vela e teña licencia de Técnico auxiliar, incrementarase nun maximo de 3 regatistas en clases individuais e 2 barcos en clases dobles. Un adestrador con titulación de Auxiliar en Vela e licencia de Técnico auxiliar non poderá inscribirse nunha regata oficial por si mesmo, sen un adestrador con titulación de Nivel 1, Nivel 2, superior e equivalentes.



a.11.4 No caso de non ter o adestrador titulado e non cumprir algún dos requisitos indicados nos puntos anteriores non se inscribirá a ningún regatista menor de idade na regata en cuestión.

a.11.5 Nas regatas oficiais da FGV, todos os adestradores están obrigados a levar durante o tempo que estén a flote:

- Chaleco salvavidas colocado, e acorde as súas características físicas.
- Radio VHF sintonizada co canal oficial da regata.
- Sistema de seguridade "home a auga" operativo.